



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

AS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

Persoal

Modificación membros da Xunta de Goberno Local e Tenencias de Alcaldía

ANUNCIO

Expediente núm. 2023/998/000091

2024/G003/002067

No procedemento de referencia a Alcaldía ditou o Decreto núm. 1998/2024, do 4 de novembro (2024/G003/0002067) que, literalmente, di:

“RESOLUCIÓN DE DESIGNACIÓN DE MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E TENENCIAS DE ALCALDÍA

O día 28/05/2023, tiveron lugar as eleccións municipais, convocadas mediante o Real decreto 207/2023, do 3 de abril, (BOE núm. 80, do 04/04/2023).

En data 17/06/2023, constituíuse o Concello e nas datas seguintes ditáronse diversas resolucións e adoptáronse acordos relativos á nova organización municipal.

Mediante o Decreto núm. 1475/2023, do 28 de xuño, foron designados os membros da Xunta de Goberno Local e nomeáronse os tenentes de Alcalde.

A renuncia dun integrante da Xunta de Goberno Local e primeiro tenente de alcalde no Pleno do 11/09/2024, e a ulterior toma de posesión do seu substituto obriga a modificar a citada resolución da Alcaldía.

Polo tanto, de conformidade co disposto nos artigos 20.1 a) e b), 21.2 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; no artigo 22 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local; nos artigos 62 e 65 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, da administración local de Galicia; nos artigos 16 e 17 do Regulamento orgánico municipal (ROM, publicado no BOP nº 179, do 06/08/2001) e polos artigos 41.3, 46.1 e 52 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF), a través do presente decreto, RESOLVO:

Primeiro. Modificar os apartados 1º) e 3º) do Decreto da Alcaldía núm. 1475/2023, do 28 de xuño, que quedan redactados nos seguintes termos:

“1º) A Xunta de Goberno Local do Concello das Pontes de García Rodríguez, presidida por esta Alcaldía, estará integrada polos seguintes concelleiros e concelleiras, en número que non excede do terzo do número legal dos membros da Corporación:

- Ana María Pena Purriños.
- Elena López Seco.
- María Tania Pardo Cabarcos.
- Manuel Rodríguez López.

(...)

3º) Nomear tenentes de alcalde aos seguintes concelleiros e concelleiras, membros da Xunta de Goberno Local, que se indican a continuación:

- 1ª tenente de alcalde: Ana María Pena Purriños.
- 2ª tenente de alcalde: Elena López Seco.
- 3ª tenente de alcalde: María Tania Pardo Cabarcos.
- 4ª tenente de alcalde: Manuel Rodríguez López

“Ás tenentes de alcalde e aos tenentes de alcalde, en canto tales, corresponderalles substituír a esta Alcaldía na totalidade das súas funcións e pola orde de nomeamento, nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento que lle imposibilite para o exercicio das súas atribucións, así como desempeñar as funcións de alcalde nos supostos de vacante na Alcaldía ata que tome posesión o novo alcalde ou alcaldesa.”

Segundo. Desta resolución darase conta ao Pleno na primeira sesión que teña lugar, notificándose, ademais, persoalmente aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte á súa data.”

As Pontes de García Rodríguez, 5 de novembro de 2024

O alcalde

Valentín González Formoso

2024/7783